

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE
TECNOLOXÍA

CURSO 2019/2020

CPI ARMANDO COTARELO VALLEDOR

INDICE

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.....	3
Avaliación e cualificación.....	5
Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.....	5
Información e publicidade.....	5

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

No terceiro trimestre repasáronse os contidos vistos nos trimestres anteriores e a maiores a ampliación que se amosa na seguinte táboa.

		Contidos	Estándares de Aprendizaxe	Competencias clave
2 ESO	Ampliación	B3.1. Materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos. B3.2. Propiedades dos materiais técnicos.	TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico. TEB3.1.2. Identifica tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiás.	CCL CMCCT CMCCT CAA

		Contidos	Estándares de Aprendizaxe	Competencias clave
3 ESO	Ampliación	B4.2. Circuito eléctrico: magnitudes eléctricas, elementos, funcionamento e simboloxía. Lei de Ohm. B4.3. Instrumentos de medida das magnitudes eléctricas básicas.	TEB4.2.2. Calcula as magnitudes eléctricas básicas en circuitos eléctricos sinxelos.	CMCCT CAA CMCCT

		Contidos	Estándares de Aprendizaxe	Competencias clave
TIC 4 ESO	Ampliación	B3.7. Tratamento básico da imaxe dixital. Exposición, saturación, luminosidade e contraste. Resolución e formatos.	TICB3.2.2. Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.	CD CMCCT CCL CAA CSIEE

2. Avaliación e cualificación.

Avaliación	<p>Realización de tarefas propostas relativas tanto aos contidos de repaso como aos de ampliación. O procedemento de avaliación será a comprobación de que o alumnado entregou todas as tarefas no prazo sinalado, e estas tarefas foron realizadas correctamente.</p>
Cualificación final	<p>A nota final do curso, será a media do 1º e 2º trimestre, sempre que estes estean aprobados. As tarefas presentadas no 3º trimestre, sempre que sexan correctas e presentadas no prazo establecido, poderán engadir un punto á media obtida nos primeiros trimestres.</p> <p>O alumnado que non acadou no seu día unha avaliación positiva nos trimestres anteriores, debe realizar neste trimestre unhas tarefas específicas de recuperación; para recuperar o trimestre ten que realizar todas as tarefas correctamente, dentro do prazo establecido e entregalas a través da aula virtual do centro. A cualificación final do curso, habendo recuperado un trimestre coa realización das tarefas de recuperación, será dun 5.</p>
Alumnado de materia pendente.	<p>O alumnado coa materia pendente, deberá realizar varias tarefas relativas a mesma, no terceiro trimestre. Para recuperar a materia, débense realizar todas as tarefas correctamente, no prazo establecido e entregadas a través da aula virtual do centro. Deste xeito poderase acadar a nota de 5 puntos, superando así a materia pendente.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Realización dunha proba presencial se as condicións sanitarias o permiten. Dita proba avaliarase de 1 a 10, sendo preciso acadar un 5 para superar a materia.</p> <p>No caso de que non se poida realizar dita proba presencial, os alumnos deberán realizar en setembro unha proba ou tarefa proposta a través da aula virtual do centro. Para superar a materia, esta proba ou tarefa deberá ser realizada correctamente e entregada a través da aula virtual do centro dentro do prazo establecido. Cumprindo todos estes requisitos, o alumno acadará unha puntuación de 5 puntos, o que lle permitirá superar a materia.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.

Neste 3 trimestre fíxose un repaso dos contidos traballados nos trimestres anteriores e a maiores avanzouse un pouco con contidos novos.

Cada tarefa proposta, tanto de recuperación, de repaso ou de ampliación, vai acompañada dunhas instrucións claras, e o alumnado dispón dun tempo suficiente para a súa realización.

As tarefas publícanse na aula virtual do centro, dado que todo o alumnado ten conexión a internet.

Para expoñer as súas dúbidas, o alumnado dispón dun correo electrónico ao que dirixirse e da aula virtual do centro.

O material empregado son os apuntamentos entregados ao alumnado e recursos audiovisuais.

4. Información e publicidade.

O alumnado recibe a información a través da aula virtual do centro e do correo electrónico achegado por eles para tal fin.

A comunicación coas familias é a través de Abalar Móbil , do correo electrónico ou do teléfono.